



APELIDOS, NOME

D.N.I.

AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE
TRABALLO MEDIANTE CONTRATACIÓN LABORAL FIXA.
(DOG: 24-03-2015)

CATEGORÍA: TCO. ESP. LABORATORIO

PARTE ESPECÍFICA

ADVERTENCIAS:

- Non abra este cuestionario ata que llo indiquen.
- Para abrir o cuestionario, introduza a man no caderno e, cun movemento ascendente, corte pola parte dereita do caderno (vexa a figura esquina inferior dereita).
- Se observa algunha anomalía na impresión do cuestionario, solicite a súa substitución.
- Escriba os seus datos persoais no recadro superior.
- O tempo de realización deste exercicio é de **180 minutos**.
- Este cuestionario consta de 100 preguntas máis 10 preguntas de reserva. As preguntas deste cuestionario deben ser contestadas na "folla de exame" entre os números 1 e 110.
- En cada pregunta existe unha e só unha resposta correcta.
- Todas as preguntas de cada exercicio teñen o mesmo valor.
- As respostas correctas puntuarán positivamente, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente serán penalizadas cun cuarto do valor asignado á contestación correcta.
- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "folla de exame" é o que corresponde ao número de pregunta do cuestionario.
- Só se terán en conta as respostas marcadas na súa "folla de exame" que se lle entrega xunto co caderno.
- Este cuestionario pode utilizarse na súa totalidade como borrador.
- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán do cuestionario bilingüe, prevalece este último para os únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución poderán expresarse de maneira unívoca.
- Non se permite o uso de calculadora, libro nin documentación ningunha, móbil nin ningún outro elemento electrónico.
- Se terminou de realizar o seu exercicio, advírtallo á organización para que lle recolla este cuestionario e a "folla de exame", da que se lle entregará a terceira copia. Malia o anterior, se acaba durante os 5 últimos minutos do tempo límite fixado para realizar o exercicio, permanecerá no seu asento ata que se lle recollan os anteriores documentos.

- SOBRE A FORMA DE CONTESTAR NA «FOLLA DE EXAME», LEA MOI ATENTAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO SEU DORSO.

- ESTE CUESTIONARIO DEBERÁ SER DEVOLTO COMPLETO AO FINALIZAR O EXERCICIO.

ABRA SOAMENTE CANDO O INDIQUE O TRIBUNAL



1. Ante o derramamento ou rotura de material con sangue, secrecións e líquidos en equipos biomédicos, sinala o que non se debe facer:

- A) Usar elementos de protección persoal.
- B) Se se sospeita de rotura de tubos na centrífuga, abríla inmediatamente.
- C) Limpar e desinfectar a superficie con hipoclorito de sodio ao 0,5 %.
- D) Se hai vidros, recollelos con pinza e eliminalos no colector de cortopunzantes.

2. Para a hemodoazón debemos contar con:

- A) Sala de doazón.
- B) Sala de aférese.
- C) Sala de recoñecemento médico.
- D) Todas as respostas son correctas.

3. Para elaborar concentrados específicos de proteínas utilízase:

- A) Soro.
- B) Plasma.
- C) Concentrado de hemacias.
- D) Factores de coagulación.

4. Os CPH conservados a -80 °C poden utilizarse para o transplante:

- A) Antes de 3 meses.
- B) Antes de 6 meses.
- C) Antes de 9 meses.
- D) Ata 10 anos.

5. Sinala cal non é un compoñente sanguíneo obtido nunha doazón de sangue:

- A) Hemacias.
- B) Lípidos.
- C) Plaquetas.
- D) Plasma.

6. Nos centros de transfusión e tocante ao tratamento dos datos relacionados cos doadores, as medidas de seguridade previstas no Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, serán as de:

- A) Nivel 2.
- B) Nivel medio.
- C) Nivel 3.
- D) Nivel alto.

7. Segundo o artigo 73 bis do Estatuto de persoal sanitario non facultativo das institucións sanitarias da Seguridade Social [Orde do Ministerio de Traballo do 26 de abril de 1973, modificada pola Orde do 11 de decembro de 1984 do Ministerio de Sanidade e Consumo], que función non podería realizar un técnico especialista de laboratorio nun equipo de investigación?

- A) Colaborar na montaxe de novas técnicas.
- B) Almacenar, controlar e archivar as mostras e preparacións, resultados e rexistros.
- C) Observar e recoller os datos clínicos necesarios para a correcta vixilancia dos pacientes.
- D) Participar nas actividades de investigación relativas á especialidade técnica á que pertencen, colaborando con outros profesionais da saúde nas investigacións que se realicen.

8. O anticorpo anormal no sangue, capaz de combinarse cos seus propios antíxenos, denomínase:

- A) Anticorpo natural.
- B) Autoanticorpo.
- C) Anticorpo compatible.
- D) Anticorpo de acción cruzada.

9. Sinale a definición correcta de asepsia:

- A) Ausencia de materia séptica ou estado libre de infección pola acción conseguida pola esterilización.
- B) Acción conseguida pola desinfección. Estado libre de infección.
- C) Acción conseguida pola desinfección primeiro e a esterilización despois.
- D) Acción conseguida pola esterilización mediante calor seca.

10. Os CPH conservados a $-80\text{ }^{\circ}\text{C}$:

- A) Deben utilizarse antes de 15 días.
- B) Deben utilizarse antes de 6 meses.
- C) Deben utilizarse antes de 8 meses.
- D) Todas son falsas.

11. Segundo o Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, na preparación dos compoñentes sanguíneos (sinale a resposta correcta):

- A) Utilizaranse recipientes con anticoagulantes e conservantes adecuados, que cumpran o establecido no Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios.
- B) Utilizaranse recipientes con anticoagulantes adecuados, que cumpran o establecido no Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios.
- C) Utilizaranse recipientes con conservantes adecuados, que cumpran o establecido no Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios.
- D) Utilizaranse recipientes con anticoagulantes e conservantes adecuados, sen necesidade de que cumpran o establecido no Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios.

12. Un deseño de investigación onde se lle dá un tratamento a dous grupos de suxeitos para estudar os seus efectos sobre unha variable dependente, pero onde os suxeitos non foron asignados aleatoriamente a cada grupo denomínase:

- A) Experimento.
- B) Case-experimento.
- C) Ex post facto.
- D) Deseño observacional.

13. O transporte dos compoñentes sanguíneos desde o centro de transfusión ao servizo de transfusión debe ser rápido e en condicións adecuadas. Sinale a resposta correcta:

- A) A temperatura de transporte das hemacias será de 5-18 °C.
- B) A temperatura de transporte das hemacias será de 1-10 °C.
- C) A temperatura de transporte das hemacias será de 28-25 °C.
- D) A temperatura de transporte das hemacias será de 8-15 °C.

14. A mostraxe nun estudo de investigación é:

- A) O proceso polo cal é elixido un subconxunto de elementos dunha poboación.
- B) O estudo de todos os elementos que compoñen a poboación.
- C) A xeneralización dos resultados da mostra á poboación.
- D) A especificación dos resultados da mostra á poboación.

15. Se un estudo de investigación nun laboratorio se limita a medir o nivel de glicosa dunha serie de pacientes referido a un momento concreto e limitándose a describir o fenómeno sen intención de establecer relacións causais con outros factores, estaríamos ante:

- A) Un estudo descritivo.
- B) Un estudo de caso e controis.
- C) Un estudo analítico.
- D) Un estudo de cohortes.

16. Para a xestión do equipamento crítico nun servizo de transfusión, débese incluír:

- A) A identificación do equipo.
- B) O plan coas calibracións e/ou verificacións que hai que efectuar nos equipos que proceda.
- C) A data de instalación e data de entrada en funcionamento.
- D) Todas as respostas son correctas.

17. O transporte dos compoñentes sanguíneos desde o centro de transfusión ao servizo de transfusión debe ser rápido e en condicións adecuadas e, segundo indicacións dos estándares do Comité de Acreditación Sanguínea (CAT):

- A) A temperatura de transporte dos compoñentes plaquetarios será de 5-18 °C.
- B) A temperatura de transporte dos compoñentes plaquetarios será de 1-10 °C.
- C) A temperatura de transporte dos compoñentes plaquetarios será entre 18-24 °C.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

18. Se nun estudo epidemiolóxico obtemos a proporción de individuos dun grupo ou unha poboación que presenta un determinado problema de saúde nun momento ou nun período determinado, estamos a obter:

- A) O risco relativo.
- B) A odds ratio.
- C) A incidencia.
- D) A prevalencia.

19. O estudo inmunohematolóxico da doazón debe comprender:

- A) Análise do grupo ABO-Rh (D).
- B) Escrutinio dos anticorpos antieritrocitarios irregulares.
- C) O número de plaquetas.
- D) A e B son correctas.

20. Que debe incluír o control do equipamento crítico nun servizo de transfusión?

- A) O procedemento escrito para controlar e realizar o seguimento de forma pautada.
- B) O seguimento incluírá a calibración e os axustes que deberán ser documentados antes de autorizar o uso dun equipo novo, despois dunha avaría ou cando existan dúbidas sobre o bo funcionamento dun equipo.
- C) Cada calibración incluírá a identificación unívoca do equipo, a súa localización, o método de recoñecemento, os criterios de aceptación e accións correctivas ante resultados insatisfactorios.
- D) As respostas A, B e C son correctas.

21. A temperatura de conservación das plaquetas é (sinale a resposta correcta):

- A) A 4 °C durante 42 días.
- B) Entre 5 e 7 días a 22 °C en axitación constante.
- C) Inferior a -50 °C durante 36 meses.
- D) A temperatura ambiente.

22. As pequenas utilidades, que podemos instalar e desinstalar no escritorio segundo as nosas necesidades e que fan funcións simples como mostrar un calendario, o tempo da nosa cidade, converter divisas, calculadora etc., denomínanse:

- A) Iconas.
- B) Accesorios.
- C) Gadgets.
- D) Notas rápidas.

23. O tempo máximo que debe transcorrer entre o inicio da adición da solución crioprotectora e a colocación no conxelador da bolsa de crioconservación é de:

- A) 1 hora.
- B) 45 minutos.
- C) 30 minutos.
- D) 15 minutos.

24. Existen algunhas precaucións ou medidas de prevención e control que o persoal dos servizos de sangue deberán ter en conta á hora de desenvolver as súas actividades. Respecto da protección dos ollos, mans e uñas, sinale a resposta incorrecta:

- A) É recomendable o uso de protectores oculares para evitar salpicaduras e, se o traballador utiliza lentes de contacto, non deberá colocalas ou retiralas na área de traballo.
- B) As uñas deberán estar limpas e ser o máis curtas posible.
- C) No desenvolvemento das actividades de traballo, as mans deberán estar sempre protexidas con luvas.
- D) Non fai falta quitar as luvas para abrir portas ou coller o teléfono.

25. No traballo diario dos servizos de sangue as situacións de risco máis frecuentes son:

- A) Autoinoculación accidental debida a picadas ou cortes con agullas, pipetas, bisturís ou outros obxectos punzantes ou cortantes.
- B) Exposición da pel e mucosas a sangue ou outros fluídos biolóxicos contaminados, especialmente cando a permeabilidade da pel está alterada por feridas, lesións hérpicas, conxuntivite ou queimaduras.
- C) Salpicadura nos ollos.
- D) Todas as respostas son correctas.

26. Na crioconservación celular, antes de proceder á diminución da temperatura no proceso de conxelación, engádeselles ás células o crioprotector:

- A) De maneira progresiva durante 5 minutos.
- B) De maneira progresiva durante 4 minutos.
- C) De maneira rápida a 5 °C.
- D) De maneira rápida a 4 °C.

27. O anticorpo que é producido pola acción dun antíxeno que provén dun individuo doutra especie denomínase:

- A) Anticorpo inmune.
- B) Aglutinina.
- C) Anticorpo irregular.
- D) Isoanticorpo.

28. O DMSO debe axustarse a unha concentración final:

- A) Do 10 %.
- B) De igual volume ca de CPH.
- C) De metade de volume ca de CPH.
- D) Todas son falsas.

29. Os controis dos pHmetros han de facerse:

- A) Cada tres medicións utilizando unha solución de control baixa e alta.
- B) Cada vez que se fagan medicións utilizando un control baixo.
- C) Cada cinco medicións utilizando unha solución de control baixa e alta.
- D) Cada vez que se fagan medicións utilizando unha solución de control alta e baixa.

30. Cal das seguintes fontes documentais é unha fonte documental secundaria que lle permite ao investigador facer un «varrido» do campo obxecto dun estudo de investigación?
- A) Un artigo dunha revista científica.
 - B) Unha tese de doutoramento.
 - C) Unha base de datos referenciais.
 - D) Unha lista de axencias de investigación.
31. Respecto dos sistemas informáticos de servizos e centros de transfusión e os estándares en transfusión sanguínea da Fundación CAT (edición 2012) avalados polas sociedades científicas de Hematoloxía e Hemoterapia e de Transfusión Sanguínea e Terapia Celular, sinale a opción falsa:
- A) Todas as entradas de datos por un usuario do sistema deben ser validadas por persoal autorizado.
 - B) Gardarase rexistro do mantemento preventivo periódico do sistema.
 - C) Todas as modificacións no sistema deben ser autorizadas, documentadas e validadas.
 - D) De cada acceso no que se realiza algunha operación ou modificación, gárdase a identificación do usuario, a data e a hora en que se realiza o acceso.
32. O pelo deberá permanecer recollido durante a actividade laboral para (marque a resposta correcta):
- A) Evitar que entre en contacto con materiais químicos ou biolóxicos durante a súa manipulación.
 - B) Por estética.
 - C) Por seguridade nos equipos que se manipulan.
 - D) Todas as respostas son correctas.
33. En seguridade informática, a identificación do emisor dunha mensaxe, do creador dun documento ou do equipo que se conecta a unha rede ou a un servizo denomínase:
- A) Validación.
 - B) Encriptación.
 - C) Certificación dixital.
 - D) Autenticación.
34. Que información non é obrigatoria na etiquetaxe do compoñente sanguíneo cando é plasma destinado á industria (anexo XI, Real decreto 1088/2005):
- A) A temperatura de almacenamento.
 - B) A denominación oficial do compoñente.
 - C) O grupo ABO.
 - D) A identificación numérica ou alfanumérica exclusiva da doazón.
35. Sinale a definición correcta de “antisepsia”:
- A) Acción conseguida pola desinfección para combater ou previr os padecementos infecciosos.
 - B) Acción conseguida pola esterilización. Consiste en combater ou previr os padecementos infecciosos.
 - C) Acción conseguida por esterilización en autoclave.
 - D) Acción conseguida pola esterilización mediante calor seca.

36. Dentro das tecnoloxías automatizadas de identificación e etiquetaxe que permiten a lectura da información dos compoñentes sanguíneos desde a doazón ata a súa transfusión ou destrución, non se usan:
- A) Os códigos de datos 2D.
 - B) Os códigos de barras.
 - C) As etiquetas para identificación por radiofrecuencia.
 - D) Os códigos datamatrix 3D.
37. Que termo indica que hai dous xenos diferentes no mesmo lugar de dous cromosomas?
- A) Heterocigoto.
 - B) Homocigoto.
 - C) Hemólise.
 - D) Locus.
38. Nun experimento, a variable que manipula o investigador denomínase:
- A) Variable prognóstico.
 - B) Variable independente.
 - C) Variable criterio.
 - D) Variable estraña.
39. As temperaturas dos equipos de refrixeración nun centro de transfusión deben ser obxecto de control:
- A) Semanal.
 - B) Quincenal.
 - C) Diario.
 - D) Trimestral.
40. Ás cabinas de fluxo laminar utilizadas nun centro de transfusión, deben facérselles controis bacteriolóxicos cunha cadencia:
- A) Diaria.
 - B) Semestral.
 - C) Mensual.
 - D) Quincenal.
41. Cal é o tipo de inmunidade que gobernan os linfocitos B?
- A) Inmunidade humoral.
 - B) Inmunidade globulínica.
 - C) Inmunidade plasmática.
 - D) Inmunidade celular.
42. Entre as medidas de seguridade lóxica para garantir a integridade dos datos dun sistema de información, ou sexa, garantir que os datos non foron modificados desde a súa creación sen autorización, está:
- A) Protexer as salas dos servidores mediante cámaras de seguridade.
 - B) Utilizar devasas que autoricen e auditen as conexións permitidas.
 - C) Dispoñer dun conxunto de discos redundantes.
 - D) Usar contrasinais que non permitan o acceso á información.

43. Unha parella con fenotipos A e B poden ter descendencia:

- A) Soamente do tipo AB.
- B) Soamente do tipo A ou do tipo B.
- C) Soamente de tipo O.
- D) De todos os tipos ABO.

44. Entre as seguintes opcións, sinala a correcta:

- A) A esterilización realízase a obxectos e a desinfección non.
- B) A desinfección e a esterilización poden aplicarse a materia viva.
- C) A esterilización só se pode aplicar sobre obxectos ou material inanimado, mentres que a desinfección se aplica sobre obxectos (desinfectantes) e sobre tecidos vivos (antisépticos).
- D) A pel desinféctase e ademais esterilízase.

45. O estándar internacional para a identificación, etiquetaxe e transferencia de información sobre sangue e compoñentes sanguíneos, entre outros produtos, cuxa xestión e desenvolvemento realiza o Consello Internacional para a Uniformidade na Automatización de Bancos de Sangue (ICCBBA) denomínase:

- A) EAN 128.
- B) ISBT 128.
- C) EAN 14.
- D) ISBT 14.

46. Na terminoloxía dos sistemas de xestión da calidade da familia ISO 9000, a capacidade para seguir a historia, a aplicación ou a localización de todo aquilo que está baixo consideración, por exemplo, unha bolsa de sangue en todo o seu ciclo de vida, denomínase:

- A) Codificación.
- B) Sincronización.
- C) Seguridade.
- D) Rastrexabilidade.

47. Se un investigador nun estudo utiliza os datos de morbilidade hospitalaria que periodicamente publica o Instituto Nacional de Estatística de España, está a utilizar:

- A) Unha fonte de datos terciarios.
- B) Unha fonte de datos secundarios.
- C) Unha fonte de datos primarios.
- D) Unha fonte de datos brutos.

48. A ferramenta de Windows 7 que nos permite organizar e controlar os arquivos e cartafoles (mover, copiar, eliminar, cambiar de nome etc.) dos distintos sistemas de almacenamento de que dispoñamos, como pode ser o disco duro, a unidade de CD, a unidade de DVD, a memoria USB etc., denomínase:

- A) Barra de tarefas.
- B) Microsoft Explorer.
- C) Explorador de Windows.
- D) Internet Explorer.

49. As normas e especificacións do sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión, aprobadas polo Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, establece no seu apartado 3.5 que, cando se utilicen sistemas informatizados (sinale a opción correcta):

- A) Os programas e o equipo deberán comprobarse como mínimo unha vez ao ano co fin de garantir a súa fiabilidade.
- B) O equipo e os programas informáticos estarán protexidos contra calquera uso ou cambio non autorizado.
- C) A obtención de copias de seguridade deberá facerse diariamente e deberán ser gardadas nun lugar diferente de onde están os equipos informáticos.
- D) Debe haber un sistema que garanta a continuidade do traballo cando fallen os programas ou equipos informáticos.

50. Cal das seguintes medidas é unha medida de seguridade informática lóxica e pasiva:

- A) A encriptación da información.
- B) A realización de copias de seguridade.
- C) A instalación de sistemas de alimentación ininterrompida e de estabilización eléctrica nunha sala de computadores.
- D) A instalación dun antivirus nun PC.

51. En Windows 7, se se premen simultaneamente no teclado as teclas Windows + E:

- A) Ábrese o Explorador de Windows.
- B) Ábrese o Internet Explorer.
- C) Bloquéase o equipo.
- D) Móstrase o escritorio.

52. Unha das seguintes afirmacións é falsa:

- A) A capacidade antixénica do sistema ABO (substancias A e B) é similar.
- B) As sustancias D, C, E teñen a mesma capacidade antixénica.
- C) O antixeno D é un forte inmunóxeno.
- D) No sistema ABO fórmanse os anticorpos desde os primeiros meses de vida.

53. O obxectivo primordial en seguridade informática de garantir que a información, almacenada nun sistema informático ou transmitida pola rede, soamente vai estar dispoñible para aquelas persoas autorizadas a acceder á devandita información denomínase:

- A) Verificabilidade.
- B) Confidencialidade.
- C) Integridade.
- D) Dispoñibilidade

54. O persoal dos centros de transfusión está exposto a accidentes por mala manipulación ou derramamento accidental de reactivos químicos. Entre as medidas xerais en caso de accidente, sinale o que non se debe facer:

- A) Deixar a persoa afectada no lugar do accidente e retirarlle a roupa contaminada.
- B) Ventilar a área.
- C) Identificar o reactivo e o seu perigo.
- D) Acudir ao servizo de urxencias.

55. Un tempo insuficiente de incubación na proba de Coombs pode causar:

- A) Reacción falso positivo.
- B) Reacción falso negativo.
- C) Todas as anteriores.
- D) Ningunha das anteriores.

56. A parte do cromosoma responsable de gobernar a aparición dun trazo característico é o:

- A) Xenotipo.
- B) Fenotipo.
- C) Centrómero.
- D) Xene.

57. Os compoñentes sanguíneos devoltos non deberán ser destinados para transfusión (sinale a resposta incorrecta):

- A) Se a bolsa non foi aberta ou utilizada.
- B) Se o produto non se mantivo de forma continua dentro das marxes de temperatura.
- C) Se hai evidencia de rotura, cambio de cor ou hemólise.
- D) No caso dos concentrados de hemacias se non hai, como mínimo, un segmento tubular unido á bolsa.

58. Segundo o Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, respecto da separación dos diferentes compoñentes sanguíneos, non deberá realizarse:

- A) En condicións de asepsia.
- B) Preferentemente en circuíto pechado.
- C) Non é necesario que durante as operacións se manteña a esterilidade.
- D) Empregaranse técnicas asépticas e equipo estéril apiróxeno e dun só uso.

59. Que substancia debe conter o soro de Coombs para que a proba teña maior amplo espectro e mellor control de calidade?

- A) Anticorpos.
- B) Eritrocitos ao 5 % en solución salina.
- C) Solución salina.
- D) Albumina bovina.

60. O principal problema de validez interna dun estudo de investigación lonxitudinal é:

- A) O efecto de cohorte.
- B) O efecto reactivo das probas.
- C) A mortalidade experimental.
- D) A interacción-situación e tratamento.

61. Cal é a substancia que desencadea a formación de anticorpos?

- A) Antíxeno.
- B) Glicoproteínas.
- C) Albumina.
- D) Hemolisinas.

62. Cal das seguintes opcións forma parte dos principios de xestión da calidade que constitúen a base das normas de sistemas de xestión da calidade da familia ISO 9000:
- A) Participación de todas as partes interesadas.
 - B) Liderado.
 - C) Unidade de mando.
 - D) Estabilidade do persoal.
63. Segundo a Norma ISO 9001:2008, cal dos seguintes aspectos non ten por que obrigatoriamente constar nun procedemento documentado?
- A) A definición dos controis para a identificación, almacenamento, protección, recuperación, retención e disposición dos rexistros.
 - B) A definición dos requisitos de calibración dos equipos de medición.
 - C) A definición das responsabilidades e requisitos para planificar e realizar as auditorías internas.
 - D) A definición dos requisitos para determinar as non conformidades potenciais e as súas causas.
64. Cales son os anticorpos que se producen como resposta a un estímulo antixénico?
- A) Anticorpo natural.
 - B) Anticorpo inmune.
 - C) Autoanticorpo.
 - D) Ningunha das anteriores.
65. Respecto da «análise de datos» especificada no apartado 8.4 da Norma ISO 9001:2008, sinala a opción incorrecta:
- A) Debe proporcionar información sobre os provedores.
 - B) Debe proporcionar información sobre a conformidade cos requisitos do produto.
 - C) Faise, entre outras finalidades, para avaliar as melloras na eficiencia da organización.
 - D) Faise, entre outras finalidades, para demostrar a idoneidade e a eficacia do sistema de xestión da calidade.
66. Segundo o Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, polo que se establecen normas e especificacións relativas ao sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión, sinala a opción incorrecta:
- A) Só se utilizarán reactivos e materiais de provedores autorizados, que cumpran os requisitos e especificacións documentadas
 - B) Controlará o material crítico unha persoa cualificada para realizar a devandita tarefa.
 - C) Os rexistros de inventario conservaranse durante un período acordado e aínda que non exista acordo por parte da autoridade competente.
 - D) Cando proceda, os materiais, reactivos e equipos cumprirán os requisitos establecidos no Real decreto 414/1996, do 1 de marzo, polo que se regulan os produtos sanitarios, e no Real decreto 1662/2000, do 29 de setembro, sobre produtos sanitarios para diagnóstico «in vitro», ou, en caso de extracción noutros países comunitarios ou en terceiros países, axustaranse a normas equivalentes.

67. A organización do sistema de bioseguridade nos servizos de sangue deberá comprender un conxunto de medidas de prevención e control encamiñadas a garantir a seguridade. Estas medidas deberán operar sobre:

- A) O persoal, a infraestrutura e as instalacións.
- B) O manexo do material de traballo e manipulación de microorganismos infectantes.
- C) O transporte do material ou substancias infecciosas e accidentes ou exposicións a materiais contaminantes.
- D) Todas as respostas son correctas.

68. Cal das seguintes afirmacións é falsa en relación coa transfusión de plaquetas?

- A) É mellor transfundir plaquetas obtidas por citaférese ca plaquetas de "pool".
- B) As plaquetas non teñen antíxenos do sistema ABO na súa superficie.
- C) As plaquetas non teñen antíxenos do sistema Rh na súa superficie.
- D) As plaquetas teñen antíxenos do sistema HLA na súa superficie.

69. O documento que especifica o sistema de xestión da calidade dunha organización denomínase:

- A) Organigrama.
- B) Mapa de procesos.
- C) Procedemento documentado.
- D) Manual da calidade.

70. Cal dos seguintes modelos de avaliación ou normativo da calidade non é específico para o ámbito sanitario ou da saúde?

- A) O modelo JCAHO da Joint Comisión.
- B) O modelo EPR de Donabedian.
- C) O modelo europeo EFQM.
- D) O modelo da norma UNE-EN ISO 15189:2003 de laboratorios clínicos.

71. A técnica de control das ameazas á validez dun estudo de investigación onde nin os suxeitos nin o investigador coñecen en que condición están ou o tratamento concreto que se lles está aplicando aos suxeitos denomínase:

- A) Simple cego.
- B) Eliminación.
- C) Dobre cego.
- D) Emparellamento.

72. Cal é a inmunoglobulina capaz de atravesar a placenta?

- A) IgG.
- B) IgA.
- C) IgM.
- D) IGE.

73. Segundo o Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, polo que se establecen normas e especificacións relativas ao sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión, sinale a resposta incorrecta:

- A) Cando se utilicen sistemas informatizados, os programas, o equipo e os procedementos de obtención de copias de seguridade deberán comprobarse periodicamente co fin de garantir a súa fiabilidade.
- B) Cando se utilicen sistemas informatizados, os programas, o equipo e os procedementos de obtención de copias de seguridade deberán validarse antes do seu uso e mantelos en estado de bo funcionamento.
- C) O equipo e os programas informáticos non estarán protexidos contra calquera uso ou cambio non autorizado.
- D) O procedemento de copia de seguridade evitará que se perdan datos ou resulten danados en tempos de inactividade previstos ou imprevistos ou como resultado de fallos de función.

74. Con respecto ao control de calidade do plasma fresco conxelado, que parámetros hai que ter en conta?

- A) O volume.
- B) O factor VIII.
- C) As proteínas totais.
- D) Todas son correctas.

75. O axente crioprotector DMSO forma parte da solución crioprotectora para a crioconservación das células proxenitoras hematopoéticas (CPH). En que concentración final debe axustarse o devandito axente crioprotector?

- A) 5 %.
- B) 10 %.
- C) 15 %.
- D) 20 %.

76. Un doador cunha extracción dental debe ser excluído temporalmente de doar durante un período de:

- A) 7 días.
- B) 30 días.
- C) 3 días.
- D) 15 días.

77. En relación co almacenamento e caducidade dos compoñentes plasmáticos conxelados, sinale a opción falsa:

- A) ≤ -25 °C: almacenamento ata 36 meses en función do procesamento.
- B) -18 °C a -25 °C: almacenamento 3 meses.
- C) -18 °C a -25 °C: almacenamento 6 meses.
- D) Desconxelado e mantido de 2 °C a 6 °C: almacenamento ata 24 horas.

78. Utilizando a técnica de aférese podemos obter:

- A) Plasma: plasmaférese.
- B) Granulocitos: granulocitoférese.
- C) Hemacias: eritroférese.
- D) Todas as respostas son correctas.

79. O Real decreto 1088/2005, do 16 de setembro, polo que se establecen os requisitos técnicos e condicións mínimas da hemodoazón e dos centros e servizos de transfusión establece que:

- A)** A aférese é o método que, mediante o uso de separadores celulares, permite a obtención selectiva dun ou máis compoñentes do sangue do doador, sen devolución a este dos compoñentes non seleccionados.
- B)** A aférese é o método que, mediante o uso de separadores celulares, permite a obtención selectiva dun ou máis compoñentes do sangue do doador, con devolución a este dos compoñentes non seleccionados.
- C)** A aférese é o método que, mediante o uso de separadores celulares, permite a obtención selectiva dun ou máis compoñentes do sangue do doador.
- D)** A aférese é o método que, mediante o uso de separadores celulares, permite a obtención selectiva dun compoñente do sangue do doador, con devolución a este dos compoñentes non seleccionados.

80. Unha auditoría de calidade a unha organización realizada por persoal dun cliente seu sería unha:

- A)** Auditoría interna de segunda parte.
- B)** Auditoría externa de segunda parte.
- C)** Auditoría externa de terceira parte.
- D)** Auditoría interna de terceira parte.

81. Segundo o Real decreto 1343/2007, do 11 de outubro, polo que se establecen normas e especificacións relativas ao sistema de calidade dos centros e servizos de transfusión, sinala a resposta incorrecta respecto da xestión do equipamento:

- A)** Todo o equipamento será validado, calibrado e mantido de forma que sexa apropiado para a súa función.
- B)** As instrucións de uso estarán dispoñibles e levaranse os rexistros correspondentes.
- C)** O equipo seleccionárase de modo que se minimize o risco para os doadores, o persoal e os compoñentes sanguíneos.
- D)** Ningunha das respostas anteriores é correcta.

82. Que significado ten no sistema ABO o símbolo O?

- A)** Non ten antixenos.
- B)** Posúe anticorpos.
- C)** Non ten anticorpos.
- D)** Ningunha das anteriores.

83. Na terminoloxía dos sistemas de xestión da calidade da familia ISO 9000, a acción tomada sobre un produto non conforme para que cumpra cos requisitos denomínase:

- A)** Reproceso.
- B)** Reclasificación.
- C)** Reparación.
- D)** Reciclaaxe.

84. A validez que fai referencia á posibilidade de xeneralización dos resultados dunha investigación a outros contextos, situacións ou ambientes denomínase:
- A) Validez poboacional.
 - B) Validez histórica.
 - C) Validez interna.
 - D) Validez ecolóxica.
85. Un paciente cun antíxeno B adquirido presenta nos seus eritrocitos:
- A) Antíxeno B e o soro contén anticorpo Anti A.
 - B) Antíxeno AB e o soro contén Anti A.
 - C) Antíxeno B e o soro carece de anticorpos.
 - D) Antíxeno AB e o soro contén Anti B.
86. Existen algunhas precaucións ou medidas de prevención e control que deberá ter en conta o persoal dos servizos de sangue á hora de desenvolver as súas actividades. Respecto do vestiario, sinala a resposta incorrecta:
- A) Usará preferiblemente pantalóns longos e zapatos pechados que protexan os pés.
 - B) O calzado deberá ser de material poroso.
 - C) O calzado deberá ser de material resistente para impedir que os pés sufran lesións.
 - D) Todas as respostas son correctas.
87. Nunha bolsa de plasma estándar, que non é correcto?
- A) É a fracción líquida que queda despois de retirar os elementos formes dunha bolsa de sangue completo.
 - B) Contén o plasma e a solución anticoagulante cun volume medio de 250 ml.
 - C) O plasma fresco, tras a separación dos elementos formes, debe conxelarse paulatinamente nas horas seguintes á extracción a unha temperatura de $-30\text{ }^{\circ}\text{C}$.
 - D) Debe asegurarse un correcto mantemento dos factores lábiles da coagulación.
88. Cal é o tipo de inmunidade que gobernan os linfocitos T?
- A) Inmunidade humoral.
 - B) Inmunidade globulínica.
 - C) Inmunidade plasmática.
 - D) Inmunidade celular.
89. O estudo experimental onde os suxeitos son pacientes e se avalía un ou máis tratamentos para unha enfermidade ou proceso e onde os grupos comparables se forman aleatoriamente nas variables máis relevantes en relación co problema que se quere estudar denomínase:
- A) Ensaio de campo.
 - B) Ensaio clínico.
 - C) Ensaio comunitario de intervención.
 - D) Ensaio de casos e controis.
90. Cal dos seguintes anticorpos do soro sanguíneo provoca aglutinación?
- A) Anticorpo específico.
 - B) Anticorpo inmune.
 - C) Aglutinina.
 - D) Anticorpo natural.

- 91.** Respecto dos requisitos da documentación na norma ISO 9001:2008, sinala a afirmación falsa:
- A) Debe documentarse a política de calidade da organización.
 - B) Cada documento debe incluír unicamente os requisitos dun procedemento.
 - C) Un requisito relativo a un procedemento documentado pode cubrirse con máis dun documento.
 - D) A documentación podería documentarse en formato electrónico.
- 92.** Para borrar de forma permanente un arquivo que seleccionamos sen que pase pola papeleira de reciclaxe, podemos premer no teclado simultaneamente as teclas:
- A) Ctrl + Supr.
 - B) Alt + Supr.
 - C) Windows + Supr.
 - D) Maiúsculas + Supr.
- 93.** Cales son os anticorpos máis frecuentes en persoas Rh positivas?
- A) Anticorpos irregulares.
 - B) Anti D da clase IgM.
 - C) Anti D da clase IgG.
 - D) Non teñen.
- 94.** Cal das seguintes metodoloxías e técnicas non pertence ao ámbito da investigación cualitativa?
- A) O estudo de caso.
 - B) A observación participante.
 - C) A entrevista.
 - D) A aleatorización.
- 95.** Respecto do manexo das «bibliotecas» no Windows 7, sinala a opción incorrecta:
- A) Windows 7 ten catro bibliotecas predeterminadas: Documentos, Música, Imaxes e Vídeos.
 - B) Ao quitar unha localización de cartafol dunha biblioteca, non se eliminan realmente o cartafol ou os seus arquivos.
 - C) As bibliotecas pódense aniñar unha dentro doutra.
 - D) A biblioteca só almacena a localización do arquivo ou do cartafol.
- 96.** Os estudos epidemiolóxicos descritivos describen a frecuencia e as características máis importantes dun problema de saúde. Cales dos seguintes tipos de estudo non son estudos descritivos?
- A) Os estudos de casos e controis.
 - B) Os estudos ecolóxicos.
 - C) Os estudos de series de casos.
 - D) Os estudos transversais ou de prevalencia.

97. Nun sistema de xestión de calidade da familia ISO 9000, respecto das «auditorías de calidade», sinale a opción falsa:
- A) As auditorías internas denomínanse nalgúns casos auditorías de terceira parte.
 - B) Os resultados da avaliación da evidencia da auditoría recompilada fronte aos criterios de auditoría denomínanse achados de auditoría.
 - C) programa da auditoría é o conxunto dunha ou máis auditorías planificadas para un período de tempo determinado e dirixidas cara a un propósito específico.
 - D) Os achados da auditoría poden indicar conformidade ou non conformidade cos criterios de auditoría ou oportunidades de mellora.
98. As reaccións transfusionais non hemolíticas inclúen:
- A) Reaccións febrís.
 - B) Incompatibilidade entre doadores.
 - C) Reaccións por sobrecarga circulatoria.
 - D) A e C son verdadeiras.
99. Cal é o antíxeno máis importante do sistema Rh por ser o máis inmunoxénico?
- A) Factor A.
 - B) Factor D.
 - C) Factor DU.
 - D) Factor B.
100. O procesador de textos que vén incorporado no paquete do Windows 7 e ao que se accede polo menú de Accesorios denomínase:
- A) Wordperfect.
 - B) Word.
 - C) Writer.
 - D) Wordpad.
101. Se borramos un acceso directo a un programa no escritorio:
- A) Estamos realmente borrando o arquivo orixinal e, polo tanto, o programa ao que fai referencia.
 - B) Non lle ocorre nada ao programa ao que fai referencia, simplemente quitamos a icona do escritorio para acceder a el.
 - C) O programa segue existindo, pero non poderemos volver utilizalo nunca.
 - D) Non ocorre nada, en realidade un acceso directo non pode borrarse.
102. Segundo o artigo 59.2 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, non sería un elemento da infraestrutura para a mellora da calidade do Sistema nacional de saúde:
- A) As guías de práctica clínica.
 - B) O rexistro de boas prácticas.
 - C) O rexistro de acontecementos adversos.
 - D) Os plans de calidade.

103. A pesar das probas realizadas de seroloxía e detección xenómica, existe un risco de transmisión de EI por transfusión non fácil de precisar e variable segundo a zona xeográfica de España. Segundo os últimos datos publicados (Álvarez do Barrio, M., Blood Transfusión, 2014), o risco estimado no noso país de transmisión de EI é de (marque a resposta incorrecta):

- A) VHC é de 0,19 % por cada 10x6 de doazóns.
- B) VHI1 é de 1,9 % por cada 10x6 de doazóns.
- C) VHB é de 10,5 % por cada 10x6 de doazóns.
- D) A e B son correctas.

104. Unha das seguintes características non é certa para o sangue almacenado:

- A) É rica en plaquetas.
- B) Os factores V e VIII están descendidos.
- C) Aumentan os niveis de K⁺ plasmático.
- D) PH é baixo.

105. A persoa que posúe o xenotipo homocigótico hh e, polo tanto, non forma substancia H nin na hemacia nin en secrecións, díse que ten sangue:

- A) Tipo Bombai.
- B) Tipo 1 para-Bombai 1ª serie.
- C) Tipo 1 para-Bombai 2ª serie.
- D) Tipo nulo.

106. A estratexia de mellora continua da calidade en catro pasos (planificar-facer-verificar-actuar) denomínase:

- A) Círculo de Juran.
- B) Ciclo de Deming.
- C) Círculo de Donabedian.
- D) Ciclo Kaizen.

107. Nun sistema de xestión da calidade segundo a Norma ISO 9001:2008, a acción para eliminar a causa dunha «non conformidade» co obxecto de previr que volva ocorrer denomínase:

- A) Acción correctiva.
- B) Acción potencial
- C) Acción preventiva.
- D) Acción de revisión.

108. Nos centros de transfusión e tocante ao tratamento dos datos relacionados cos doadores, as medidas de seguridade previstas no Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 994/1999, do 11 de xuño, serán as de:

- A) Nivel de datos persoais.
- B) Nivel medio.
- C) Nivel alto.
- D) Nivel de datos de saúde.

109. Na terminoloxía dos sistemas de xestión da calidade da familia ISO 9000, o conxunto de condicións baixo as cales se realiza o traballo denomínase:

- A)** Ambiente de traballo.
- B)** Tarefa.
- C)** Infraestrutura.
- D)** Ambiente laboral socio-técnico.

110. Respecto da «revisión pola dirección» na Norma ISO 9001:2008, sinale a opción incorrecta:

- A)** Entre os resultados deben incluírse as decisións e accións relacionadas coas necesidades de recursos.
- B)** Unha das informacións de entrada é a retroalimentación do cliente.
- C)** A revisión debe facerse obrigatoriamente segundo os requisitos do procedemento documentado correspondente.
- D)** A dirección debe manter rexistros das revisións.